

NO PROCEDIMENTO DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO PÓDESE LIQUIDAR A SOCIEDADE LEGAL DE GANACIAIS?

Non é posible liquidar a sociedade legal de gananciais nun proceso contencioso de separación ou divorcio; polo tanto, o xuíz/a non poderá pronunciarse sobre o repartimento dos bens comúns, e para iso os cónxuxes deberán acudir a outro procedemento con posterioridade.

Si é posible que o tribunal adopte medidas de administración dos bens comúns, outorgándolle a un ou a outro cónxuxe a súa administración.

No procedemento de mutuo acordo cabe a posibilidade de que os cónxuxes inclúan no convenio regulador unha cláusula coa liquidación dos bens da sociedade conxugal e a adxudicación destes a cada un dos cónxuxes.

QUE OCORRE SE SE PRODUCE UNHA RECONCILIACIÓN?

A reconciliación pon termo ao proceso de **separación**, deixando sen efecto o acordado nese proceso, pero **cómpre** que **ambos os cónxuxes por separado** o poñan en coñecemento do tribunal que estea tramitando ou tramitase o proceso de separación.

Se a reconciliación se produce despois de interposta a demanda de divorcio, a reconciliación deber ser expresa.

Se a reconciliación se produce unha vez o matrimonio foi disolto por causa de **divorcio**, sería necesario contraer novamente matrimonio, co fin de volver á situación anterior.

Se a reconciliación ten lugar unha vez que se ditase sentenza de separación ou de divorcio, o réxime económico da nova parella sería o de **absoluta separación de bens, salvo pacto en contrario**.

LEMBRA

- **As pensións por alimentos a favor dos fillos e fillas deberán pagarse en doce mensualidades ao ano.**
- **As pensións por alimentos fíxanse tamén a favor dos fillos/as maiores de idade sempre que convivan no domicilio familiar e non sexan economicamente independentes.**
- **Todas as medidas que un tribunal fixe nun proceso de separación ou divorcio ou aquelas que os cónxuxes pacten nun convenio regulador poderán ser modificadas se varían as circunstancias que as motivaron.**
- **O dereito de uso que se estableza a favor dos fillos/as e do cónxuxe na compañía do cal queden poderá ser inscrito no Rexistro da Propiedade.**
- **Non se incumpe o deber de convivencia se se abandona o domicilio familiar por unha causa razoable e se presenta a demanda de separación ou divorcio dentro do prazo de trinta días.**

ENDEREZOS E TELÉFONOS DE INTERESE:

• **Teléfono de información ás mulleres: 900-400.273**

• **Oficinas de I + B**

AS PONTES

Antiga oficina de correos
Avda. de Castela, nº36-1ª planta
15320 As Pontes. A Coruña

O CARBALLIÑO

Rúa Cerca, nº2 Baixo esq
32500 O Carballiño
Ourense

CARBALLO

Casa da Xuventude
Valle Inclán, nº24 1ª
15100 Carballo. A Coruña

GONDOMAR

Rúa Emigrante nº 4 -6
36 380 Gondomar
Pontevedra

MONFORTE

Edif. "Casitas" das Escalapios.
Campo da Compañía s/n Baixo
27740 Monforte. Lugo

O PORRIÑO

Edif. Multiusos de Torneiras.
Rúa Riveira s/n
36410 O Porriño. Pontevedra

AS = OS



SEPARACIÓN E DIVORCIO

XUNTA DE GALICIA

● QUE DIFERENZAS HAI ENTRE SEPARACIÓN E DIVORCIO?

- **A separación** supón a suspensión da obriga de convivencia, recoñecida legalmente.
- **O divorcio** implica a disolución do vínculo matrimonial, polo que os cónxuxes divorciados poden contraer novo matrimonio civil.

● QUE MEDIDAS TEÑEN QUE REGULARSE NO PROCESO DE SEPARACIÓN E DIVORCIO?

- **Patria potestade dos fillos/as menores:** é o conxunto de dereitos e obrigas que teñen os pais sobre os fillos e fillas e que comprende o deber de coidalos, educalos, alimentalos, representalos e administrar os seus bens.
A patria potestade será sempre compartida por ambos proxenitores, salvo excepcións. Iso supón que todas as decisións importantes que afecten a vida dos fillos e fillas comúns deberán ser tomadas de forma conxunta por ambos proxenitores.
- **Garda e custodia dos fillos/as menores:** é unha das facultades comprendidas dentro da patria potestade que implica a convivencia e o coidado cotián dos fillos e fillas menores.
A garda e custodia pode atribuírse a un só dos proxenitores ou ben pode atribuírse de forma compartida, o que significa que os e as menores residirán de forma alterna cun e outro proxenitor.
- **Réxime de visitas e comunicacións cos fillos/as menores:** o proxenitor que non reside cos e as menores ten un dereito-obriga de manter unha comunicación e contacto con eles e elas, que se concreta nun réxime de visitas.
Na práctica, o réxime máis xeneralizado é o de fins de semana alternas e o repartimento das vacacións escolares de Nadal, Semana Santa e verán.
- **Uso da vivenda familiar:** en defecto de acordo, a lei establece que o uso da vivenda familiar e do mobiliario e enxoval doméstico lles corresponderá aos fillos/as e ao cónxuxe na compañía do cal queden. Este dereito de uso pódese inscribir no Rexistro da Propiedade coa finalidade de que quede preservado fronte a terceiros.
- **Pensións alimentarias:** o proxenitor que non convive cos fillos/as, tanto maiores, como menores, ten a obriga de contribuír aos seus gastos e necesidades mediante a fixación dunha pensión de alimentos. Deberá, polo tanto, establecerse unha cantidade que será aboada mensualmente, por doce mensualidades ao ano, destinada a cubrir todo o que é indispensable para o sustento, habitación, vestido, asistencia médica e educación dos fillos e fillas comúns. A contía da pensión alimentaria actualízase anualmente. Para fixar a contía da pensión alimentaria, teranse en conta os ingresos de ambos os proxenitores, así como as necesidades dos fillos e fillas. O Código civil entende que o coidado e atención que se lles presta aos e ás menores é tamén unha forma de contribución.
As pensións de alimentos deberán pagárselles aos fillos e fillas, aínda cando alcancen a maioría de idade, sempre e cando convivan no domicilio familiar e non teñan independencia económica. As pensións alimentarias a prol dos e das menores de idade son irrenunciabes. Iso significa que, en todo procedemento de separación ou divorcio, deberá establecerse unha pensión de alimentos a favor dos fillos e fillas menores.
- **Gastos extraordinarios:** son aqueles gastos necesarios e imprevisibles que se ocasionan no coidado, atención e formación dos fillos/as e que deberán ser cubertos por ambos os proxenitores proporcionalmente aos ingresos de cada un (p. ex.: ortodonxia, lentes, ortopedia...).

- **Contribución ás cargas:** enténdese por cargas as obrigas económicas que se contraeron durante o matrimonio (p. ex.: hipoteca, préstamos persoais). Deberá regularse, ben no convenio, ben na resolución xudicial, en que medida debe contribuír cada un dos cónxuxes ao pagamento desas obrigas. A contribución ás cargas do matrimonio é unha contía independente das pensións alimentarias e da pensión compensatoria.
- **Pensión compensatoria:** o cónxuxe ao cal a separación ou o divorcio lle produza un desequilibrio económico en relación coa posición do outro terá dereito ao recoñecemento dunha pensión compensatoria. Esta pensión pode ser establecida por un tempo determinado ou pode fixarse por tempo indefinido e poderá aboarse nun único pagamento ou de forma mensual.
A contía da pensión compensatoria virá determinada en función das circunstancias económica e persoais dos cónxuxes, como por exemplo: a idade e o estado de saúde do cónxuxe con dereito a pensión, a dedicación pasada e futura á familia, a duración do matrimonio e a convivencia conxugal, a colaboración nas actividades mercantís ou profesionais do outro cónxuxe, etc.

● QUE CONSECUENCIAS LEGAIS DERIVAN DA SEPARACIÓN E DO DIVORCIO?

Ao presentarse a demanda de separación ou divorcio, prodúcense de forma automática os seguintes efectos:

- **Cesa a obriga de convivencia** que impón o matrimonio.
- Quedan **revogados os consentimentos e os poderes** que calquera dos cónxuxes lle outorgase ao outro.

A sentenza de separación ou divorcio produce, de forma automática, **disolución do réxime económico vixente no matrimonio**, é dicir, a partir da firmeza da sentenza os cónxuxes estarán en separación de bens, aínda que quedará pendente a liquidación daqueles bens adquiridos durante a vixencia do matrimonio.

● COMO PODE TRAMITARSE O PROCESO DE SEPARACIÓN E DIVORCIO?

Os procedementos de separación ou divorcio poden ser tramitados:

- **DE MUTUO ACORDO** ou **DE FORMA CONTENCIOSA**

Mutuo acordo: nos procedementos de mutuo acordo son os propios cónxuxes, a través dos seus avogados/as, os que pactan as medidas que queren que rexa a súa nova situación. Estes acordos quedan reflectidos nun documento que se chama **convenio regulador**, que se presentará ao xulgado xunto coa demanda de separación ou divorcio.
Os cónxuxes deberán acudir ao xulgado a ratificar o convenio. Este convenio será aprobado polo tribunal, sempre e cando as medidas acordadas cubran as necesidades dos fillos e fillas menores e non lles sexan prexudiciais.

Procedemento contencioso: cando os cónxuxes non chegan a un acordo, cómpre acudir ao xuíz/a, quen fixará as medidas derivadas da declaración de separación ou divorcio nun procedemento xudicial en que cada cónxuxe realizará a súa propia petición e xustificará os motivos desta.

● PODE INTERVIR UN SÓ AVOGADO/A?

Nos **procedementos de mutuo acordo** sería posible a intervención dun avogado/a e un procurador/a, pero é máis conveniente que cada cónxuxe sexa asesorado por un profesional.
Nos **procedementos contenciosos** é necesario que cada cónxuxe interveña co seu propio letrado/a e procurador/a.

● PODE SOLICITARSE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA?

Os que acrediten insuficiencia de recursos para litigar poderán acceder á asistencia xurídica gratuita, o que significa que contarán no proceso de familia coa defensa e representación gratuítas por avogado/a e procurador/a, e terán dereito a acceder a outra serie de beneficios como a inserción gratuita nos xornais oficiais de anuncios e edictos, asistencia gratuita de peritos, etc.
A solicitude de asistencia xurídica gratuita debe realizarse ante o Colexio de Avogados do lugar en que se encontre o xulgado que vai coñecer do proceso de separación e/ou divorcio ou ante o xulgado do domicilio do/da solicitante.

● QUE CAUSAS SE PODEN ALEGAR PARA SOLICITAR A SEPARACIÓN OU O DIVORCIO?

Na actualidade non é necesario alegar ningunha causa para obter unha sentenza de separación ou divorcio. Tan só se exige que transcorresen **tres meses** desde a celebración do matrimonio.
Non será necesario este prazo cando exista un risco para a vida, a integridade física moral ou sexual do cónxuxe que o solicita, dos fillos e fillas do matrimonio ou de calquera dos seus membros.
Aínda que o Código civil non exige a alegación de ningunha causa, no suposto de que as circunstancias que levaron á ruptura do matrimonio poidan ter incidencia respecto dos fillos e fillas comúns (p. ex. alcoholismo), deberán ser postas en coñecemento do tribunal para que se adopten medidas no seu beneficio.

● PÓDESE ACUDIR A UN SERVIZO DE MEDIACIÓN PARA SEPARARSE/ DIVORCIARSE?

Cando os cónxuxes decidiron romper a súa relación pero non conseguen alcanzar acordos en canto á forma de regular a nova situación, poden acudir a un **SERVIZO DE MEDIACIÓN FAMILIAR**. A mediación é unha forma de resolución de conflitos na cal un terceiro imparcial, o/a mediador/a, facilita a comunicación entre as partes para que cheguen a acordos tendo en conta os seus intereses.
O/a mediador/a debe ser unha terceira persoa **imparcial e neutral**. O proceso de mediación debe ser sempre **voluntario**, pode abandonarse en calquera momento. O proceso debe ser igualmente **confidencial**, polo que as partes, incluído o/a mediador/a, deben comprometerse a manter a confidencialidade sobre os datos e feitos que xurdan na mediación.
Na mediación poderán formularse todos os puntos en que as partes non están conformes e, unha vez alcanzados os acordos, asinase un documento que servirá de base para que un avogado/a redacte o convenio regulador que deberá presentarse no xulgado seguindo os trámites do procedemento de mutuo acordo.
Para acudir a mediación é imprescindible que exista unha igualdade entre as partes; por iso, **non é posible someterse a un proceso de mediación cando existe unha situación de violencia de xénero** na parella, posto que as partes non están en situación de igualdade.